



Concello de Cangas

**Expediente núm.:** 6781/2022

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** ps-22/11 Selección 2 educadores/as sociais, Laboral fixo Grupo II

**Documento:** Acta de constitución tribunal e baremación

## ACTA I

### ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E BAREMACIÓN

En Cangas, a 9 de febreiro de 2024

Reunidos no Concello de Cangas, ás 11:35 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, se constitúe para valorar os méritos dos aspirantes para cubrir dúas (2) prazas de persoal laboral fixo, educador/a social, categoría Educador/a, grupo II, vacantes na plantilla municipal deste Concello.

Integran o Tribunal os seguintes membros:

Cargo	Identidade
Presidencia	María Isabel Rodríguez Martínez
Secretaría	María Idoya Chapela Silva
Vogalía	Alfonso Moldes González
Vogalía	Eva María Gallego Fernández
Vogalía	María Isabel Medraño Fariña

Constituído o Tribunal cualificador e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das citadas prazas, á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos e a experiencia, procédese a baremar os mesmos de acordo con base número 10 da convocatoria sinalada:

#### **“10.- Procedemento de selección.**

*De conformidade co establecido na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o sistema de selección é o de concurso.*

*Neste concurso poderanse acadar un máximo de 40 puntos e os méritos a valorar serán os seguintes:*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





*A) Experiencia profesional: Máximo 36 puntos.*

*Por cada mes de servizos prestados no Concello de Cangas na mesma praza obxecto da convocatoria: 0,20 puntos/mes.*

*Por cada mes de servizos prestados no Concello de Cangas en prazas de igual grupo e categoría (Educador/a) ao da praza/as obxecto da convocatoria: 0,10 puntos/mes.*

*Por cada mes de servizos prestados noutra Administración Local en prazas coas mesmas funcións e igual grupo e categoría (Educador/a) ao da praza/as obxecto da convocatoria: 0,07 puntos/mes.*

*Por cada mes de servizos prestados no resto do Sector Público en prazas coas mesmas funcións e igual grupo e categoría (Educador/a) ao da praza/as obxecto da convocatoria: 0,06 puntos/mes.*

*Tendo en conta que a praza obxecto desta convocatoria está configuradas a xornada completa, a experiencia por servizos prestados nos catro apartados anteriores computarase tamén por experiencia a xornada completa na respectiva administración. No caso de experiencia por servizos prestados a tempo parcial, computarase unicamente a parte equivalente aos días a xornada completa, segundo reflecta a vida laboral.*

*Os servizos prestados acreditaranse mediante fotocopia simple do certificado do órgano de xestión de persoal da Administración Pública competente e certificación da vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social, en todo caso con especificación de categoría laboral, debendo quedar especificada a denominación do posto, a súa categoría/grupo e o tempo efectivo de servizos prestados.*

*As persoas aspirantes non terán que acreditar a experiencia profesional desenvolvida no Concello de Cangas, pois será xustificada de oficio polo Departamento de Persoal ante o Tribunal de Selección.*

*B) Méritos académicos: Máximo 4 puntos.*

*Por acreditar a realización de cursos de formación, ata un máximo de 4 puntos.*

*Valorarase a realización de cursos impartidos, organizados, subvencionados ou homologados polas diferentes Administracións Públicas, outras entidades do sector público, as Universidades públicas e privadas, Colexios profesionais, Centros oficiais de formación, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua que teñan un contido relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais, como os de coñecemento da lingua galega (de nivel superior no ámbito laboral ao indicado na base 6ª), os relacionados coa prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido de ofimática, entre outros, e segundo o establecido no seguinte baremo:*

*a) Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas lectivas: 4 puntos.*





**Concello de Cangas**

b) Por cada curso con duración igual ou superior a 75 horas lectivas: 3 puntos.

c) Por cada curso con duración igual ou superior a 50 horas lectivas: 2 puntos.

d) Por cada curso con duración igual ou superior a 15 horas lectivas: 1 punto.

Os cursos que veñan cuantificados por créditos deberán especificar as horas que correspondan a cada crédito. No seu defecto, o Tribunal cuantificará en 10 horas cada crédito. No caso de créditos ECTS a valoración que outorgará o Tribunal será de 25 horas por crédito.

**C) Competencia en Lingua Galega:**

As persoas aspirantes deben acreditar coñecemento da lingua galega no nivel adecuado ao desenvolvemento das prazas convocadas, segundo se indica na base 6, o cal se acreditará, ben mediante posesión do Certificado en Lingua Galega correspondente ou ben mediante unha entrevista oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía.

As persoas aspirantes deberán achegar modelo de autobarefacción de méritos debidamente cumprimentado. ”

Da valoración de méritos resultan as seguintes puntuacións

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
ANTEPAZO ESPAÑOL MARTA	5,15	4	SI	9,15
BARROSO PARADA MARÍA ELISA	36	4	SI	40
DEL RÍO SOLLA LUCÍA	0	4	SI	4
GIRÁLDEZ SA MIRIAM	2,03	4	SI	6,03
GONZÁLEZ GALLEGO SARA	0	4	SI	4
MARCOS RODRÍGUEZ MARÍA ROSA	0,72	4	SI	4,72
PIÑEIRO RIAL CRISTINA	0	4	SI	4
RECUERO GARCÍA ALEJANDRA	0,13	4	SI	4,13
RICHARTE CARBALLO MARTA	36	4	SI	40
SANTOS GIL ZAIRA	0	4	SI	4

Conforme á base número 11 o tribunal acorda:

**ÚNICO.** Publicar a cualificación provisional no Taboleiro de Anuncios (físico e electrónico), na páxina web e no Portal de Transparencia para que as persoas aspirantes poidan formular alegacións. Contarán con prazo de 5 días hábiles computados desde esta publicación.





**Concello de Cangas**

Sendo as 12:35 horas levántase a reunión formalizándose a presenta Acta que asinan comigo os membros do Tribunal do cal, eu, secretaria, DOU FE.

**Documento asinado electrónicamente á marxe**

Cod. Validación: 9AP9W5AKN19FCLCFXPKPLR7QP  
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

